

# GUÍA DE LECTURA



CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO



**Inma Soto** naceu en Ourense en 1984 e dende nena sentiuse moi conectada coa natureza. Por iso, cando chegou o momento de estudar, decantouse por Ciencias do Mar en Vigo. Ao



rematar, continuou a súa formación cun ciclo de Xestión Forestal e do Medio Natural en Xinzo e leva dez anos dedicándose á educación ambiental.

Gústalle moito os contos. Así que inventou un ela mesma que titulou : ***Xela, a superheroína de aldea*** e está ilustrado por **Clara Cerviño**, bióloga viguesa, tamén nacida en Ourense e que actualmente vive en Ibiza.

No conto fálase da fortuna que temos nas aldeas por ter todos os recursos ao noso redor; do que significa ter unha horta ao pé de casa, unha fraga chea de animais... O seu obxectivo é que os nenos e nenas se sentan moi orgullosos do seu e que atopen un momento para falar da súa aldea, dos seus avós... Quere que **Xela** sexa un referente. Unha nena valente, aventureira, atrevida e moi íntegra; ligada por completo ao rural, á súa natureza e á súa biodiversidade, capaz de defendela custe o que custe.

# CUESTIÓNS PARA TRABALLAR A LECTURA

## INTRODUCCIÓN

1 Como se chama a protagonista da historia?

Chámase Xela.

2 Como é Xela?

Ten ollos grandes, nariz de garavanzo e beizos de amorodo.

3 Onde vive Xela?

Vive nunha fermosa casa.

4 Cando fumega a cheminea da súa casa?

Desde setembro ata maio.

5 Que ten Xela?

Ten superpoderes.

## Luns

6 De quen era a gata?

A gata era da Señora María.

7 A onde se foi a gata?

Subiu á copa dunha árbore.

8 Por que saíu disparada a gata da Sra. María?

Porque a ameazou o can Guco.

9 Quen axudou á gata asustada?

Axudouna Xela.

10 Por que gardou Xela no peto os seus pendentos?

Para non enganchalos nas pólas.

### Martes

11 Quen chamou o martes á porta da casa?

Chamou toda a familia do seu pai.

12 Para cantos estaba posta a mesa. Cantos eran agora?

Estaba posta para 5 persoas. Agora eran o dobre a comer.

13 Que cearon a noite do martes?

Cearon revolto de verduras con ovos das súas pitas.

**DEBUXA COMO TE IMAXINAS A ALDEA DE XELA**

## Mércores

14 A quen observou durante varios días Xela?

Observou a uns pequenos paxariños.

15 Por que estaban en apuro os paxariños?

Porque era inverno e non había moito que comer.

16 Como axudou Xela aos paxariños?

Fizo unhas bolas con graxa, sementes e uvas pasas que colgou das árbores.

17 Que tipo de paxariños son os que axudou Xela?

Eran ferreiriños.

## Xoves

18 Que tempo atmosférico fixo o xoves?

Choveu moito.

19 Que roupa especial puxo o día que choveu?

Puxo un pucho e un chubasqueiro.



20 Que observou entusiasmada o día de chuvia?

Aos bichos que que lles gusta a chuvia.

### Venres

21 Por que non enfermou Xela coa molladura?

Porque se alimenta moi ben.

22 Como quen é de forte Xela?

É forte como un buco.

23 De que enfermou Xela?

Enfermou de tristeza.

24 Quen era Dracma?

Un desalmado que amenazaba a natureza e os pobos veciños.

25 Cara onde marcaron os veciños por mor de Dracma?

Foron para as cidades.

26 Que pensou Xela para salvar ao pobo?

Que tiña que facer algo!



## Sábado

27 Describe a Dragma?

Dragma é un home gris, sen alma,  
nariz grande, ollos pequenos e olleiras  
grandes..

28 Que fixo Xela para disimular os nervios?

Xela meteu as mans nos petos. .

29 Que atopou Xela no peto?

Atopou os pendentes que gardara.

30 Que trato fixo Xela con Dragma?

Deulle os pendentes para que desapare-  
cera da aldea.

## Domingo

31 Que fixo Xela o domingo?

Merendou baixo o seu carballo favorito

32 Volveron a ver a Dragma?

Nunca máis viron a Dragma.

**FAI UN DEBUXO DE CÓMO TE IMAXINAS A DRAGMA**

Relaciona cada animal co seu nome e di que día retratou Xela?



Burra



Rá



Vaca



Corzo



Bolboreta



Vacaloura



Ourizo



**Píntega**



**Ferreiriño**



**Raposa**



**Andoriña**



**Galiñas**



**Xoaniña**



**Esquío**

## AVALIACIÓN

Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

- A protagonista chámase Xela.
- A historia acontece nunha gran cidade.
- A Sra María tiña un gato.
- Onde comen 5, comen 25.
- Os días de choiva Xela queda na casa.
- Xela é forte coma un buxo.
- Dragma era un bo home.
- Dragma comprou a casa de Xela.
- A Xela gústalle merendar debaixo dun carballo.

COLOREA A TÚA OPINIÓN SOBRE O LIBRO



GUSTÁRONCHE AS ACTIVIDADES



COLOREA A TÚA OPINIÓN SOBRE O CONCURSO



CONTESTA: Recomendarías a lectura deste libro.

.....  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
.....





